



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Área Economía, Facenda e Réxime Interior

Aprobación do proxecto de mellora e adaptación do aparcadoiro dos niveis -1 e -2 do Mercado Municipal de Monte Alto, así como do expediente de licitación e do prego da concesión demanial para o uso privativo deste ben de dominio público

Anuncio de aprobación do proxecto de obras de mellora e adaptación do aparcadoiro situado nos andares -1 e -2 do mercado municipal de Monte Alto e aprobación do expediente de licitación e do prego de condicións da concesión demanial para o uso privativo deste ben de dominio público

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 31 de xullo de 2026, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de obras de mellora e adaptación do aparcadoiro sito nos andares -1 e -2 do mercado municipal de Monte Alto (rúa Forcarei, número 4), elaborado por Javier Alonso Vicente, COAG nº 4592 e expoñelo ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña por un prazo de 30 días hábiles, este anuncio publicarase de forma simultánea á publicación no perfil do contratante do Concello da Coruña.

Segundo.- Aprobar o expediente da licitación e o prego de condicións da concesión demanial para o uso privativo dun ben de dominio público: parcela con destino a aparcadoiro do Mercado de Monte Alto e a súa explotación, nos termos que figuran no expediente.

A concesión terá unha duración de 50 anos improrrogables e o seguinte réxime económico:

1. Canon mínimo de adjudicación da concesión, de polo menos 785.000,00 euros, podendo ser mellorado á alza.
2. Canon periódico anual, de polo menos 1.000 euros/ano mais o 0,2 % dos ingresos anuais derivados da concesión, podendo ser mellorada á alza esta porcentaxe.

Terceiro.- Dar publicidade da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e na plataforma de contratación do estado, de acordo co artigo 96.6 da LPAP.

Cuarto.- Encomendar ao Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e o seguimento do oportuno expediente”.

O referido proxecto de obras de mellora e adaptación do aparcadoiro situado nos andares -1 e -2 do mercado municipal de Monte Alto permanecerá exposto ao público, a partir do día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nas dependencias do Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal do Concello da Coruña, situadas no Palacio municipal de María Pita, na praza de María Pita, 15011 A Coruña, así como no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>, durante o prazo de 30 días hábiles, contado a partir do seguinte ao da súa publicación no citado boletín oficial, a efectos do seu exame e presentación de posibles alegacións. Tamén estará dispoñible no Perfil do contratante do Concello da Coruña.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentasen alegacións, o dito proxecto de mellora e adaptación do aparcadoiro considerárase definitivamente aprobado.

Polo que respecta á licitación da concesión demanial para o uso privativo do ben de dominio público consistente nunha parcela con destino a aparcadoiro do mercado de Monte Alto e a súa explotación, o acceso aos pregos e demais documentación complementaria que conforma o expediente estará á disposición das persoas interesadas a través do Perfil do contratante, acceso que será libre, directo, completo e gratuito, e que se efectuará a partir do día seguinte á data de publicación deste anuncio e durante 30 días hábiles.

O perfil será accesible para todas as persoas interesadas desde a dirección <https://contrataciondelestado.es>.

No suposto de que se presenten alegacións á aprobación do proxecto de obras mencionado no apartado primeiro, suspenderase o prazo de presentación de proposicións da licitación da concesión durante o tempo que medie desde a súa presentación ata a súa substanciación e a conseguinte aprobación definitiva do proxecto de obras, ampliándose o prazo inicial polo tempo que dure a suspensión, e como mínimo polo prazo de 5 días hábiles.

Publícase para os efectos oportunos.

A Coruña, a 31 de xullo de 2026

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local

2026/5135



Área / Unidade SERVIZO DE CONCESIÓNS E PATRIMONIO MUNICIPAL DIRECCIÓN DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA SAL	Documento AD11AI017E	
Código de verificación  6O2Q 1Q3S 0H1B 6N62 14S5	Expediente AD1/2026/60	
	Fecha 31-07-2026	

O concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 31 de xullo de 2026, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

**CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACION ESTRATÉXICA
DIRECCIÓN DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL
SERVIZO DE CONCESIÓNS E PATRIMONIO MUNICIPAL
Expediente AD1/2026/60**

Aprobación inicial do proxecto de obras de mellora e adaptación do aparcadoiro situado no mercado municipal de Monte Alto e aprobación do expediente da licitación e do prego de condicións da concesión demanial para o uso privativo deste ben de dominio público

Previa deliberación, **de conformidade co informe proposta que consta no expediente (CSV: 0W3E 6A04 3H3T 3G5R 0F95)** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de obras de mellora e adaptación do aparcadoiro sito nos andares -1 e -2 do mercado municipal de Monte Alto (rúa Forcarei, número 4), elaborado por Javier Alonso Vicente, COAG nº 4592 e expoñelo ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña por un prazo de 30 días hábiles, este anuncio publicárase de forma simultánea a publicación no perfil do contratante do Concello da Coruña.

Segundo.- Aprobar o expediente da licitación e o prego de condicións da concesión demanial para o uso privativo dun ben de dominio público: parcela con destino a aparcadoiro do Mercado de Monte Alto e a súa explotación, nos termos que figuran no expediente.

A concesión terá unha duración de 50 anos improrrogables e o seguinte réxime económico:

1. Canon mínimo de adxudicación da concesión, de polo menos 785.000,00 euros, podendo ser mellorado á alza.
2. Canon periódico anual, de polo menos 1.000 euros/ano mais o 0,2 % dos ingresos anuais derivados da concesión, podendo ser mellorada á alza esta porcentaxe.

Terceiro.- Dar publicidade da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e na plataforma de contratación do estado, de acordo co artigo 96.6 da LPAP.



Concello da Coruña

Cuarto.- Encomendar ao Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e o seguimento do oportuno expediente.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min a oficial maior, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargada das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

**O concelleiro secretario da Xunta
de Goberno local**

Confrontado e conforme, a oficial maior

José Manuel Lage Tuñas

María Esther Álvarez Martínez



El concejal secretario de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, CERTIFICO:

Que la Junta de Gobierno Local, en sesión extraordinaria y urgente celebrada el 31 de julio de 2026, adoptó, entre otros el siguiente acuerdo:

**CONCEJALÍA DE ECONOMÍA Y PLANIFICACION ESTRATÉGICA
DIRECCIÓN DEL ÁREA DE ADMINISTRACIÓN GENERAL
SERVICIO DE CONCESIONES Y PATRIMONIO MUNICIPAL
EXPEDIENTE AD1/2026/60**

Aprobación inicial del proyecto de obras de mejora y adaptación del aparcamiento situado en el mercado municipal de Monte Alto y aprobación del expediente de la licitación y del pliego de condiciones de la concesión demanial para el uso privativo de este bien de dominio público

Previa deliberación, **de conformidad con el informe propuesta que consta en el expediente (CSV: 0W3E 6A04 3H3T 3G5R 0F95)** y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo**, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero.- Aprobar inicialmente el proyecto de obras de mejora y adaptación del aparcamiento situado en los pisos -1 e -2 del mercado municipal de Monte Alto (calle Forcarei, número 4), elaborado por Javier Alonso Vicente, COAG nº 4592 y exponerlo al público, mediante anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña por un plazo de 30 días hábiles, este anuncio se publicará de forma simultánea a la publicación en el perfil del contratante del Ayuntamiento de A Coruña.

Segundo.- Aprobar el expediente de la licitación y el pliego de condiciones de la concesión demanial para el uso privativo de un bien de dominio público: parcela con destino a aparcamiento del Mercado de Monte Alto y su explotación, en los términos que figuran en el expediente.

La concesión tendrá una duración de 50 años improrrogables y el siguiente régimen económico:

1. Canon mínimo de adjudicación de la concesión, de por lo menos 785.000,00 euros, pudiendo ser mejorado al alza.
2. Canon periódico anual, de por lo menos 1.000 euros/año más el 0,2 % de los ingresos anuales derivados de la concesión, pudiendo ser mejorado al alza este porcentaje.

Tercero.- Dar publicidad de la presente convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia y en la plataforma de contratación del Estado, de acuerdo con el artículo 96.6 de la LPAP.

Cuarto.- Encomendar al Servicio de Concesiones y Patrimonio Municipal la realización de los trámites necesarios para la apertura del procedimiento de licitación y el seguimiento del oportuno expediente.



Concello da Coruña


Y para que así conste a los efectos oportunos, expido la presente certificación en A Coruña, en la fecha de la firma electrónica del presente documento, que firma junto a mí la oficial mayor, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular del órgano de apoyo a la Junta de Gobierno Local y encargada de las funciones de fe pública según la disposición adicional 8ª de la Ley 7/1985, del 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, a reserva de los términos definitivos en los que quede redactada el acta.

**El concejal secretario de la Junta
de Gobierno Local**

Confrontado y conforme, la oficial mayor

José Manuel Lage Tuñas

María Esther Álvarez Martínez



Para obtener la mejor experiencia, abra esta cartera PDF en Acrobat X o Adobe Reader X, o en alguna versión posterior.

¡Consiga Adobe Reader ahora!